

# Babel

Apuntes medio ambientais en Valdeorras. TIC-TAC, TIC-TAC. A crises ten nome de muller. RENFE nos montes de Pena Trevinca. Jesús Díaz Ferrer: un artista barquense. Podemos, partido entre desexo, ilusión e realidade. Ciudad vampira. Utopía digital y choque social. Un dos nosos: os Blanco, de Freixido.

**Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2015. Nº 9**



EDITORIAL

## Fondo do armario

No xuño do ano pasado a cidadanía asistiu asombrada a unha operación de traspaso de poder. Dimitiu, os cortesáns chámanlle abdicación, o "campechano" e recolleu o cetro por dereito de bragueta o "preparao", os mesmos falan de proclamación, tras os polvos de Botsuana. De nada serviron as inmensas manifestacións e concentracións que reclamaban un referendo para decidir entre monarquía e república. Precisamente a manobra política consistiu en adiantarse aos desexos populares e impedilos.

Porque o novo rei Felipe "media ducia", coñecido a nivel popular como o "preparao", está para frear calquera avance democrático. Nen tan sequera facer cumprir os dereitos sociais dunha constitución retórica da que autoproclama "garante".

Con Felipe o poder político e económico seguirá nas mesmas mans: a casta, da que é o seu maior representante. Como o pai será o axente comercial dos que nos seguiran a roubar, dos que ordenan os desafuzamentos, dos que gañan millóns a través do recibo da electricidade, dos que nos rebaixan os salarios, as pensións ou nos despiden, dos que impoñen a súa visión do mundo comprando xornais e adormecéndonos cas súas televisións.

O mellor "preparao" dunha España que ten o récord de desemprego xuvenil de Europa (+55%) e segue a expulsar a toda unha xeración cara a emigración, firmará sen titubear as leis dos donos do diñeiro e manterá unha xustiza que lles fai impunes. Porque á monarquía só lle interesa a súa supervivencia a calquera prezo e será sempre fiel a un sistema económico onde as compañías e os bancos teñen máis dereitos que calquera cidadá. Un ano despois do traspaso de poder borbónico ábrese a oportunidade de xubilar a familia e que inicien o descanso nalgún paraíso fiscal.

As eleccións municipais, autonómicas e xerais, pódense converter na oportunidade para iniciar un proceso constituínte e desfacernos de toda a casta. E acantonar no fondo do armario da historia esta herdanza medieval e reaccionaria.

## Apuntes medio ambientais en Valdeorras

Lolo Gómez Segura

(en certa maneira complementa outro tema meu nesta mesma revista no ano 2013 e que levaba por título : "A ecoloxía en tempos de crise")

Toda persoa que coñece Valdeorras, sabe que ten un entorno envidiable e privilexiado pero o mesmo tempo é consciente de que esa sapiencia queda reducida o ámbito xeográfico da propia comarca. Somos incapaces de exportar a nosa beleza e singularidades paisaxísticas, e o somos porque non temos nin institucións nin representantes que avalen en foros importantes estas cualidades. Tamén temos a mala sorte de que non temos entre os valdeorreses de pro, que os hai, xente con algo de tino por "*estas cousas*" da natureza.

Comarcas limítrofes ca nosa, por exemplo O Courel, contan con multitude de estudos de flora e fauna e con abundantes especialistas na materia que están continuamente en primeiro plano defendendo as bondades destas terras veciñas: Francisco Guitián, Vidal Romaní, Josefina Álvarez Andrés...e nós, seguimos a pensar co estómago, e a mostra está na variedade de festas gastronómicas que inundan Valdeorras.

Unha mágoa e así nos vai. Pero hai algunha luz, aínda que levan tempo esmorecidas e esquecidas e quero falar dun caso descoñecido que no seu día foi un brote verde no enxalzamento da natureza desta comarca e máis concretamente da fauna. Estou a falar da viaxe en xullo de 1906 dos naturalistas británicos Chapman & Champion o Macizo de Trevinca, subindo por Casaio e logo viaxando ata Ponte no municipio de A Veiga destacando os seus traballos sobre lepidópteros e descubriendo especies endémicas da zona coma a bolboreta "*Aricia morrenensis chapmani*" entre outras...Non estendéndome no tema, engadir que para que poidan comparar basta ir o buscador Google de internet para ver a abundancia de estudos sobre fauna e flora do Courel, Ancares ca escaseza dos mesmos referidos a Trevinca. Empeza a

aparecer algo sobre a Serra da Enciña da Lastra, que aínda sendo indubidables algúns dos seus valores ecolóxicos, dende o meu punto de vista foi declarada esta zona como parque natural por intereses exclusivamente políticos .

Teño que dicir, que aparte da envexa que me dan organizacións en defensa da natureza doutras comarcas galegas, como por exemplo S.O.S. Courel, fixen intentos de contactar con Adegas, ca Sociedade Galega de Historia Natural, cos responsables do Bosque de Ridimoas (por si podíamos copiar da súa experiencia de compra de hectáreas de bosque)...e salvo un par de pequenas excepcións das que logo falaréi, todo foi un fracaso. Son consciente do tremendo medo que hai en Valdeorras en persoas con algo de conciencia naturalista, medo que eu teño por ter sofrido algún que outro aviso, de tocar un tema delicado como a contaminación da industria de pizarra, que tanto traballo da no nosa comarca e tanta miseria medioambiental provoca. Paréceme difícil compaxinar posturas entre pizarristas e defensores da natureza, toda vez que aquí, en Valdeorras, a AGP (Asociación Galega de Pizarristas) funciona como un auténtico *lobby* empresarial con influencias poderosas na dirección galega.

Por certo unha das excepcións a tanto deserto reivindicativo foi o ex deputado por AGE, David Fernandez Calviño, que no ano 2014 presentou dúas iniciativas no Parlamento Galego sobre a restauración de escombres e a declaración de Trevinca como Parque Natural. O outro caso que se fixo eco dos problemas ecolóxicos de Trevinca foi Carlos Vales Vázquez, director do CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) que a raíz dos seus traballos sobre cambio climático aportounos a súa experien-

## babel 9

cia nunhas xornadas medioambientais que se fixeron fai uns dez anos no Barco e que estaban organizadas polo club de montaña Pena Trevinca, cando os seus directivos tiñan outra conciencia ecolóxica da que carecen agora.

Neste ano van a acontecer variadas convocatorias electorais que sería necesario que axudasen a mudar os dirixentes actuais a todos os niveles. En xeral os políticos que nos gobernan carecen de educación medioambiental, e recoñecendo que nalgúns, e xa o teño dito outras veces, vislúmbra-se certa preocupación por estes temas e que concellos como o de O Barco teñen feito algo, o que se ve apunta negro e máis agora que andamos en crise. Si, por caprichos do destino, volveran a rexernos os de sempre a única solución que se me ocorre neste intre e a clásica de: "*Apaga y vámonos*". Pero si isto cambia, aí van algunhas ideas que a min parécenme interesantes e necesarias, o cal non quere dicir que sexan as máis xustas nin cecais as máis urxentes e sempre referíndome a Valdeorras e algo máis concreto a O Barco, e tam pouco é un programa, só son apuntes:

- fundamental é a recuperación do río Sil obrigando en especial as canteiras que verten na conca do río e dos seus afluentes Casoio, Candis e Leira a facer algo tan simple como poñer a funcionar as depuradoras de limpeza e tratado de residuos e a eliminación das balsas de auga. No río Sil e afluentes sería conveniente unha protección dos bosques de ribeira que hoxe son importantes e vulnerables no que atinxe a conservación de especies e mantemento natural de marxines para evitar inundacións. Por certo dende hai uns meses esta-

mos asistindo a unha deforestación destas ribeiras (paraxe de Reza na Rúa, zona estremeira a depuradora do Barco, revolta de San José en Arcos, tala masiva nos arrosios Cigüeño por riba de A Veiga de Cascallá e no Candis, etc).

- eliminación dos vertedeiros existentes na Raña e recuperación deste lugar como ENIL (espazo natural de interese local), delimitando correctamente a zona do polígono que é propiedade da Xunta de Galicia Prolongar este novo espazo natural ata O Salgueiral creando unha ampla zona de educación ambiental.

- obrigar o cumprimento dos acordos entre AGP (Asociación Galega de Pizarristas), Xunta de Galicia e UE para a erradicación das escombreyas, en especial as dos marxines do Sil en Coedo, Candís e A Médua). No seu día chegaron a restaurarse case na súa totalidade pero agora volven a ser eso: escombreyas.

- promover mediante iniciativa pública a compra de hectáreas de bosque no entorno de Xagoaza e do Río Mariñán por ser unha das zonas de Galicia con maior biodiversidade en variedades atlánticas e mediterráneas.

- desaparición das piscinas municipais e dos poleiros que hai a continuación para estender o espazo dedicado a xardín botánico. Recuperación do río como zona pública de baño e reverter para o Concello o espazo que se cedeu ilegalmente á Fundación Nuestra Señora de Fátima para construír pistas deportivas.

En fin, seguro que hai máis e máis importantes, pero foron as que se me ocorren e penso nelas dende fai anos.



# TIC-TAC, TIC-TAC

Xosé Luis Arias

## 1. ESTRATEXIAS DO MEDO

Nunha mercadocracia xogan un papel fundamental os medios de formación (García Calvo) ou de domesticación de masas (J. Ribas) tamén chamados de comunicación, a radio e a televisións xunto coas novas TIC son a condición de posibilidade do que chamamos real. Unha realidade que aparece fragmentada nun dobre plano; por unha banda, a situación cotián coa que enfrontamos os nosos problemas e por outra, o lugar que ocupan os que deciden como debemos vivir as nosas vidas.

Hai máis de douscentos cincuenta anos David Hume chegou á conclusión de que o goberno dun Estado baséase no control da opinión pública, principio que inclúe desde “*os gobernos máis despóticos e máis militaristas ate os máis libres e populares*”.

A propaganda e a manipulación informativa segue a empregar múltiples técnicas que non difiren demasiado das que utilizaba Goebbels en pleno nazismo; lembremos tan só unha que está baseada no principio de vulgarización: “*toda propaganda debe ser popular, adaptando o seu nivel ao menos intelixente dos individuos aos que vai dirixida. Canto máis grande sexa a masa a convencer, máis pequeno terá que ser o esforzo mental a desenvolver. A capacidade receptiva das masas é limitada e a súa comprensión escasa; ademais teñen gran facilidade para esquecer*”.

Pode que na actualidade variaran os métodos,

mais o obxectivo segue a ser o mesmo: converter aos cidadáns en suxeitos pasivos e o máis afastados da política como sexa posible para que non interveñan na toma de decisións. Ocultar e mentir co propósito de xerar medo, manipulación psicolóxica para unificar opinións e paralizar a unha sociedade que cada vez está máis presente nas rúas defendendo os seus intereses.

Créase unha crise económica para impoñer o desmantelamento dos servizos públicos, privatizacións que vanse aplicando gradualmente, esta e outras estratexias apareceron no documento procedente do Club Bilderberg: “*Armas silenciosas para guerras tranquilas*”, manual de programación da sociedade (maio de 1979) que foi atopado por descoido ou intencionalmente nunha impresora militar nunha poxa.

Descontextualizar as noticias, satanizar o que se quere derrubar ata convertelo nun inimigo do pobo son as directrices que utilizan case a diario os xornais españois: *El País*, *La Razón*, *El Mundo*, etc, cando se refiren a Cuba, Bolivia ou ao goberno venezolano, lémbrese a infame defensa do Grupo Prisa do Golpe de Estado de abril de 2002 contra Chávez, e agora comezaron unha nova ofensiva contra a formación política: PODEMOS (publican unha media de cinco ou seis artigos diarios aproximadamente).

Un exemplo é a presentación da mesma noticia con varias versións diferentes: “*Monedero no da*

### EL ROTO



## babel 9

*explicaciones sobre las falsedades de su currículo*" (*El País*, 28-1-2015): 1ª versión: "Monedero falsificó la mayor parte de su currículo", 2ª versión: "Monedero exageró su currículo sobre cursos en Alemania y México", etc. O mesmo xornal pasa de escribir "non", a é posible que fora invitado por... é posible que fora profesor visitante na universidade de Puebla, é posible que traballara para o BCE... Unha vez que van aparecendo as probas non lle queda outra que desmentirse do publicado, fano con total impunidade, mais non importa porque ampáranse na liberdade de información que é unha translación ideolóxica doutro mito escurantista moi estendido; a chamada liberdade de expresión como algo inherente á subxectividade de cada individuo.

Todo isto co apoio do señor Montoro, quen considera privativo o nome dos que branquearon os diñeiros procedentes de Suíza coa famosa amnistía fiscal, e maniféstase publicamente contra as actividades fiscais dun cidadán, vulnerando a legalidade vixente. Namentres o marido de Cospedal, López del Hierro aumenta un 19% os seus beneficios desde que governa a súa dona (*El Diario.es*, 29-1-2015).

Non hai que esquecer que USA e a Unión Europea controlan o 90% da información a través das axencias de prensa que xunto coas de Xapón fan realmente difícil atopar unha información que sexa veraz e ben contrastada, debido á forte dependencia das diferentes corporacións económicas. "Los medios son sujetos políticos, no son servidores de la política. Por eso es ingenuo pensar que alguna vez informarán de lo que realmente se cuece en la esfera política. Ellos son la parte de la política que se encarga de nuestras mentes". (Ángeles Díez, "Por qué los medios masivos mienten y los medios alternativos se confunden", en *Rebelión*, 2-3-2011).

En España é fácil comprobar como sosteñen no poder ao PP, un partido que paga as obras da súa sede en B, ten aos tesoureiros imputados, o derradeiro acaba de saír do cárcere "Luís se fuerte mañana te llamaré. Un abrazo" (Mariano) e protagoniza segundo o diario *El Mundo* (6-11-2014) o 50% das tramas de corrupción (Gürtel, Bárcenas, Noos...).

Aproveitarse do diñeiro público para rodar spots

demagóxicos debería estar tipificado como delito; para mostra, ese esperpento onde aparecen representantes do goberno ao redor dunha mesa tomando "cafelito" e repetindo de memoria un guión que nin eles mesmos o cren; o ínclito Floriano di que lle falta un pouco de pel á hora de comunicar eses datos económicos. O problema ben llo podía ter solucionado o seu colega Feijóo, presunto esperto en "cremitas". Só faltaba o señor Marhuenda tocando o acordeón e detrás o pequeno Nicolás coa cabra subida nunha banquetta. E na segunda entrega publicitaria a xente estase a preguntar que fai Rajoi, lector de *Marca*, visitando unha biblioteca.

En contraposición a este uso fraudulento, os



medios seguen sendo tan necesarios que resultan imprescindibles para o bo funcionamento dunha democracia, sobre todo cando revelan o que debería ser a súa función fundamental: a manifestación da verdade. Serva como exemplo o imprescindible documental "Ciutat Morta" (Xavier Artigas e Carlos Ortega) que de ser asinado por Michael Moore estaría nomeado en calquera certame cinematográfico de prestixio. Relato conmovedor equiparable ao falso "caso Raval" de pederastia infantil tamén acontecido en Barcelona, só que con final máis tráxico. Ámbolos dous revelan corrupción policial, xudicial e política, os tres piares que deberan garantir un Estado de Dereito.

Ao erguerse da butaca invádete unha sensación de desamparo, impotencia e desprotección, equiparable a ese grito imaxinario que sae do cadro de Edvard Munch: "estaba alí, tremendo de medo. E sentín un grito forte e infinito perforando a natureza", como o que senten os enfermos de hepatitis C ou os cativos de pais desafiuzados. (*España acumula en dez anos máis de 6500 casos de tortura policial*, en *El Mundo*, 3-2-2015).

de neófito na democracia, que lle libran de rémoras e da pesada louxa dun pasado político – a guerra civil (PCE), o franquismo(PP) ou a transición (PSOE, CIU, PNV) - que cae sobre os outros partidos como o *pantasma do Nadal* de Ebenezer Scrooge, e deslígao da complicidade por acción, pensamento ou omisión co sistema do bipartidismo dominante e algúns máis pertencentes ao poder imperante aos que acertou de pleno chamándoos casta; pon de moda o término que enchoupa a tododios cunha carga tan despectiva, que até o presidente galego, *Feij007*, ten que botar mao do seu pedigree de can de palleiro (está na berza!) para excluírse da casta a que pertence, excusatio non petita....

Deste xeito como tertuliano habitual gana fans, xa dixemos que se afixo en *La Tuerka*, domina os tempos e contrapón o seu discurso de abaixo-arriba fronte esquerda-dereita, pobo-élite, o novo-vello a procura dunha nova ubicación no centro da esfera política, na busca da transversalidad nas distintas etapas: sería como se nun momento determinado nunha tertulia deportiva na que só levaban a voz cantante os madridistas e culés, desprezando ao resto dos clubs da liga, alguén conseguise impoñerse nun discurso de novo cruño, de promoción e defensa da selección española, *La Roja*, criticando desde o descoído da can-teira nacional dos dos clubs maioritarios a certas das súas ventaxes económicas, inda por riba que ese discurso patrioterico fora aceptado por parte dos seguidores de ambos os dous clubs e por outros máis que fartos do trato preferencial do repetitivo derbi nacional R. Madrid- Barça. Ai comeza a transversalidad, aínda que acusan a tertuliano de ter entrenado coa selección de Costa Rica ou de Venezuela, de imposibles e imponderables etc.

Unha vez que a idea enchoupa, esta extendese como unha mancha de aceite que pinga e empapa ao que a toca, os ataques extenden máis a idea por noxentos e fortalecen a Pablo Iglesias que permanecía inmaculado e bendecido pola serie de escándalos político-económicos que á súa vez retroali-

mentaban os seus argumentos e denuncias.

Resulta cando menos irónica, por non decir estúpida, a acusación de populismo a Podemos, por parte de membros dun partido autocalificado de popular ou de outro, el PSOE, que leva o O de obreiro posto sen moito fundamento.

A xente comezou a ollar a Pablo Iglesias como algo propio, algo de seu, como voz cantante, líder, *mahdí* ou profeta, ou como materialización posible das súas ilusións frustradas, ou expresión histórica das contradicións dialécticas actuais e moi a pesar das cortinas de fume extendidas torpemente para esconder paro, recortes y corrupción institucionalizada: casi ano 2014 enredando -de febreiro a novembro- coa convocatoria da consulta catalana de Mas cuxa única actuación política do PP consisteu en mal comprar o árbitro, o único dimitido deica agora (Eduardo Torres-Dulce) e agora despois do fracaso, por ambas partes, neste 2015 volven PP e Convergencia a montar o circo de vai e ven até o 27 de setembro; repatriar irresponsablemente un misionero enfermo de Ébola, podendo importar a Madrid a epidemia, co resultado de poñer en peligro de morte unha auxiliar de clínica

e outras chafalladas colaterais; o divertido pequeno Nicolas, que pasa de ser o Wally de *aonde está Wally?* a embadurnar ao CNI, FAES, Casa Real e ao autor do tamallazo; a pederastia e as



inmatriculaciones eclesiásticas; a meteórica abdicación e coroación express, en menos dunha semana, facendo mutis polo foro.

En medio desa ilusión emerxe Podemos, como unha lista ás eleccións europeas con Pablo Iglesias na cabeza e no logo nas papeletas de votación, aproveitando a estrutura, experiencia e coñecemento en anteriores convocatorias de IA (Izquierda Anticapitalista). Podemos presenta un programa maximalista sen concretizar nin precisar, evita vellas friccións e promete austeridad nos cargos electos e outra maneira de facer as cousas. Esa aterrízase na *realpolitik* saldárase cunha debacle do bipartidismo, sen embargo o cónclave de pinochos mediáticos repasará con lupa a veracida-

de das súas promesas electorais ante a súa cegueira ante o incumplimento perenne dos programas dos gobernantes previos.

## En Podemos está o futuro, pero o futuro non é só o partido Podemos

### Desexo

A falsa improvisación da campaña de Errejón véndese como *know-how* propio e espontaneismo; o uso das redes sociais e internet como sabiduría de novo cruño; o novo fronte ao vello e o obsoleto; a irrupción na anquilosada e enfurruxada vida política de novas formas de democracia directa e participación das bases nas decisións de Podemos (Plaza Podemos). Estábase ante a posibilidade de cumprir as ucronías da democracia ateniense, entraban outra vez o demos na ágora coas novas tecnoloxías; un partido, organización ou movemento 2.0 en permanente formación e constitución, que permitira aos seus membros interactuar, colaborar entre eles como creadores de contido e decisións; unha red de decisións na que nominalmente desapareceran as xerarquías de antano, que funcionara máis a base de ideas e opinións en *feedback* que ás directrices e argumentarios enmanados desde a cúpula.

Como decía Zigmunt Bauman: " 'nosotros' se convierte en un plural del 'yo' sólo a consta de disimular la multidimensionalidad del 'yo' ". En realidade é eu+ eu+ eu + eu, todos xuntos, podemos, como partido da posmodernidade, é unha suma, o resultado de contar con todos, un agregado de individuos, números, non un todo orgánico monolítico como os partidos modernos que acollen e encaixan ás súas xentes nunha estrutura previamente constituída.

### Realidade

Abrollan os círculos, non circunferencias que darían máis unha idea de curro, muralla, defensa-separación, chámannos así, círculos, noutro tempo poderían chamarse xuntas, comités, agrupacións, organizacións, loxias ou casinos. Pero a denominación de círculo aceptouse, non sei se influíu a súa definición aritmética, ou sexa,  $pr^2$ , donde

$p=PI$ , son as siglas de Pablo Iglesias e a súa fórmula é Claro que podemos. Quere ser a constante de todos os círculos Podemos, por iso a elección constituinte da dirección central exclúe minorías ou faccións (Echenique, autoexclúese) e úsase todo o poder de *Mr. Proper* (Don Limpo) para excluír a *IA* do acceso aos postos de decisión; condéase a *IA*, de implantación forte en Andalucía, a non entrar na terra prometida; a un tempo que desde o centro, ou cetro?, geográfico promoven as listas máis listas, as que están pimentadas co verdadeiro: a marca claro que podemos. E nesta tesitura levaranse a cabo as listas aos círculos autonómicas: *Podemos 2.0*, a *red 2.0*, convertese nunha orografía con cúpulas ou conos de distinta altura: *savoir pour prévoir, prévoir pour pouvoir*, así pechaban os círculos de antano.

Podemos desde abaixo é aberto, participativo, inclusivo, assembleista, impoluto, novo, pero Podemos desde arriba vaise facendo cada vez máis exclusivo, xa ten *copyright*. A realidade é crua, coarenta anos de *MIT*, co bipartidismo e as súas formas totalitarias de entender a política como exclusión da sociedade civil das decisións democráticas, agás para votar cada cuatro anos, non deixaríade deixar o seu sinal e semente aínda nos que adoitan o novo.

### Futuro

Podemos do presente de subxuntivo do verbo podar a presente do indicativo do verbo poder. Podemos significa a gran esperanza para facer as cousas doutro xeito, de poñerlle cara á política, desde a polis, de outras formas (ollo! que se a renta básica se converte nunha RISGA- Renta de Integración Social- ampliada, mona se queda); de darlle unha boa anovación á bancada do senado e do congreso...; de aumentar a comunicación biunívoca entre o arriba e o abaixo (*Upstairs, downstairs*, serie de TV) e desterrar a campaña, o interfono, a plasma-pantalla ou as directrices ou rumores espallados por *face-book* ou *telegram*; se acaso, cumprir os anterigos desexos do S. XIX de unhas Españas federais e confederadas nun mesmo mapa político.

En Podemos está o futuro, pero o futuro non é só o partido Podemos, é tamén o Efecto Podemos que debe trascender ao país e á crise.



## A crises ten nome de muller

*Carmela Docampo Paradelo*

Dende hai máis de seis anos estamos inmersos nunha das maiores crises da historia, unha crises global que sacude con máis virulencia aos países que tiñan un estado de benestar e protección social máis débil. Nestes anos grazas ás políticas neoliberais de PSOE primeiro e do PP despois a merma de dereitos laborais e sociais e máis que evidente: reforma laboral, reforma da educación, sanidade, dependencia.... Non hai dereito conquistado nos últimos 30 anos que non fora rebaixado ou anulado polo Goberno de Mariano Rajoy.

Ao largo da historia en situacións de emerxencia económica como a actual as grandes prexudicadas son as mulleres. Xa non é suficiente cobrar un salario inferior aos seus compañeiros masculinos, (segundo a OIT as mulleres en España cobran un 17% menos, o que supón uns 250 euros mensual menos por igual traballo), senón que son as primeiras en desaparecer do mercado laboral. Son as grandes sacrificadas e utilizadas por unha sociedade capitalista, patriarcal e inxusta. Son as encargadas de facer o imposible por cadrar os números da economía doméstica das familias. Son as que vense obrigadas a participar, en moitos casos, da economía somerxida para sobrevivir.

A insaciable avaricia deste sistema capitalista que nos fixo caer na trampa do individualismo e consumismo desmedido ten os días contados. Esta sociedade necesita un cambio de valores. Apostar polo reparto igualitario do traballo entre mulleres e homes así como pola solidariedade e a protección das persoas máis vulnerables como a infancia e os dependentes.

Necesitamos crear unha sociedade nova onde os políticos lexislen por e para a xente e non estean sometidos aos intereses dos mercados, do gran

capital e dos especuladores.

Temos que facer da igualdade de xénero un pilar fundamental para que a transformación sexa real, e a igualdade de oportunidades acabe coa diferenza social que estamos a sufrir. Por iso hai que destinar unha partida importante dos orzamentos para potenciar uns servizos sociais equiparables aos países máis avanzados do norte de Europa, como Suecia. Onde a educación sexa gratuíta dende os cero anos, onde as axudas ás persoas con necesidade de atención podan levar unha vida digna, onde exista un sistema de protección social que este ao servizo da xente universalizando os servizos públicos fundamentais: educación, sanidade, e dependencia.

Hai que revertir os recortes de dereitos laborais e construír un Estado de Benestar Saudable. Temos que ser capaces de acabar co paro e a pobreza no noso país.

Ningún Goberno serio debería permitirse ter un 27,5% de nenos en resgo de pobreza; un 23% de fracaso ou abandono escolar, segundo datos de UNICEF; máis de 400.000 desahucios; e o



23,7% da masa laboral en paro, segundo a EPA. Nin permitir que 700.000 persoas se víran obrigadas a emigrar dende que comezou a crises, a maioría moz@s de entre 17 e 40 anos. Tampouco se pode ignorar ás 13.000.000 de persoas en situación de pobreza e exclusión social, ou os 1.200.000 cidadáns dependentes, ou os 100.000 que morreron antes de recibir ningunha axuda.

Estes datos, dende un punto de vista humano, deberían ser suficientes para que o Goberno Rajoy dimitira. Pola incapacidade de resolver a situación de alarma social na que se atopa o país.

# RENFE nos montes de Pena Trevinca

Unha explotación forestal arredor da ermida de san Xil

Félix García Yáñez

Unha das actividades produtivas ligadas ao monte foi o abastecemento de madeira para o ferrocarril.

Ata a década dos sesenta do pasado século na que se comezaron a utilizar novos materiais: ferro, formigón, plástico..., as empresas ferroviarias contaban con grandes extensións de montes públicos ou privados que as aprovisionaban de travesas e pranchas para os vagóns. O desgaste do material ródante así como a expansión da rede ferroviaria durante o século XIX e a primeira metade do XX incidiu na deforestación das serras peninsulares, cando non no bosque ecuatorial da Guinea española.

A ditadura franquista non supuxo unha total ruptura industrial co creado nas décadas precedentes. A súa supervivencia baseouse tamén no mantemento das empresas herdadas e o control polo Estado dos sectores considerados como vitais para unha economía autárquica. Política industrial que provocou unha extraordinaria acumulación de capital a costa de manter as clases traballadoras nunhas condicións de vida próximas á miseria.

As compañías concesionarias do transporte por ferrocarril foran intervidas durante a guerra civil polos dous bandos en conflito o que provocou grandes danos na rede e sobre de todo no parque móbil ao priorizar o servizo para atender aos combatentes.

Ao acabar a guerra as compañías non podían facer fronte o enorme gasto: construcións, reparacións, renovacións, que representaba reintegrar o ferrocarril ao nivel dos anos anteriores ao conflito bélico. Para intentar remediar a situación o Estado, que consideraba o transporte ferroviario imprescindible para artellar a autarquía, aprobou en 1941 a Lei de Bases de Ordenación

Ferroviaria, norma para o nacemento da RENFE sobre a nacionalización das compañías ferroviarias de vía ancha.

RENFE é a fusión das cinco compañías que viñan sendo explotadas polo Estado cas 18 privadas que se nacionalizan. Entre estas últimas atopábase a *Compañía de los Caminos de Hierro del Norte de España* (Norte), a máis grande, con unha rede de 3.814 quilómetros, que era a propietaria da liña Palencia-A Coruña que incluía o tramo Ponferrada-Monforte.

A intervención estatal do mercado da madeira e o peche do comercio exterior así como a necesidade de centralizar e unificar o abastecemento levou a RENFE a crear unha subdivisión específica.

Monta en 1942 a empresa: Explotacións Forestais, que agrupou as seccións que subministraban madeira das empresas nacionalizadas, e que debía aportar un volume anual de dous millóns de travesas necesarias para a renovación da vía. Apenas formarse a RENFE envorcouse na explotación dos montes públicos estatais da Serra do Segura e na Serra do Cazorla. A concesión proviña da Compañía Ferrocarrís Andaluces. Estas serras se converteron nas principais abastecedoras da compañía recién formada.

Mais, ante o crecemento das necesidades, esten-



Recuperando travesas no río Casoio. AHF-MFM

## Podemos, partido entre desexo, ilusión e realidade Pablo Iglesias: Pablemos: o efecto bolboreta, da Tuerka á Sexta

Basilio Cobo Rodríguez

*We can* significa podemos, somos capaces, a xente cansou do non se pode, si se pode (15M); *we may* significa, é mellor o *we can*, debemos facer.

*Podemos* xorde do desencanto do desencanto; o desencantamento do posfranquismo foi unha estúpida e tépeda néboa que a moitos cegounos, extraviounos na procelosa mar da MIT (Maldita e Interminable Transición, xa está nos 36 anos). Fóra dela non había salvación!

Encadeados ao bipartidismo estatal e as súas versións autonómicas vascas e catalanas, despois dunha longa travesía de 40 anos polo deserto da ditadura, fomos tamén excluídos da terra prometida da democracia. Os *moises* da transición non acougarán até devolvernollos ao punto de partida. Tíñamos que adorar a Maimon, o novo xato de ouro, todos, non había posibilidade de escapatoria, fóra do lucro medrante e o culto ao luxo só ficaban os parbos e os miserables: xugosas accións e diñeiro fácil, era pan a fartar: o capitalismo non só prometía facer ricos, senón que cumpría facendo ricos aos máis ricos (Picketty, *dixit*), pero crack!

Tanta liberalidade e tanto tanto que isto quebrou: os bancos deixaron de fabricar diñeiro, ou o diñeiro que fabricaban os bancos deixou de tener valor (papel bancario, preferentes e accións) e trouxéronos a crise.

Tanto os valores bursátiles como os morales quedaron resentidos: os ricos fixéronse escandalosamente ricos e a pobreza aumentó en gradiente decrecente para o resto da poboación. Sen embargo o todo vale no amor, na guerra e nos negocios seguía a gozar de total impunidade mediática, política e legal. De entre unha mocidade anestesiada e estupefacta polo espellismo do pelotazo xurderon grupos de protesta: o 15-M: algo novo facía campismo en Sol, flor dun día de perroflautas e melenudos, pensaba todo o *Mundo* e o *ABC* lle daba a *Razón* ao *Pais*. Aínda era a era Zapatero.

Pasa o tempo e unhas eleccións xerais. O

PPopular, con maioría absoluta, non fala na intimidade e menos con Eta desmantelada, perde o pudor e amosa a destra e sinestra quen é a dereita extrema, de quen son os únicos e verdadeiros herdeiros.

Neste contexto agroman os movementos sociais de protesta: *escraches* a políticos e banqueiros, protestas antidisfiuzamentos (PAH), algareos de aforradores timados coas preferentes, @15MpaRato que tammén fai uso da vía xudicial, a *marea verde* pro ensino público, contra da privatización da sanidade madrileña, contra a dilapidación urbanística (Gamonal-Burgos e outros), testimoniais expropiacións de terras e supermercados etc. unha amalgama de protestas diseminadas, que tiñan capacidade de aliviar o cabreo e a indignación, sen unha canalización pragmática desde o punto de vista político formal até a súa cristalización en dous movementos, principalmente, o liderado por Ada Colau (*Ganyem/Gañemos*) para a contestación municipal e o liderado por Pablo Iglesias Turrión (*movimento Podemos*) que nace como aposta electoral nas eleccións Europeas, e logra plasmar parte considerable do noxo político social con 1.245.948 votos e cinco eurodiputados.

As múltiples manifestacións, marchas e protestas bloqueadas, silenciadas ou ben manipuladas polos *mass-media*, quedan enfocadas nun protagonismo, o Movemento Podemos: refréndase no voto das Europeas e no uso da linguaxe cotiá, todos entenden *casta* (outrora chamada aristocracia ou para os clásicos cultos, oligarquía) quen son os que forman parte da corte borbónica de Juan Carlos primeiro e Felipe VI despois, a casta que forman: a familia real, os seus ministros, parlamentarios turnistas e dos virreinos autonómicos; a casta como nutrinte ou cómplice da corrupción instituída e consubstancial cos coarenta anos de Réxime da Transición; o restante conforma o pobo.

A crise económica foi provocada poLa Banca, toda está implicada tanto bancos nacionais e inter-

## babel 9

nacionais, alemáns ou estadounidenses, como as caixas de aforro.

Na banca privada existen profesionais e algún conselleiro proveniente de partidos a través da chamada porta xiratoria; nas caixas de aforros existen algúns Blesa, Olivas, Serra, Méndez... profesionais (a voz cantante) e múltiples conselleiros procedentes da casta (o coro). A banca é autora e cómplice da crise coas construtoras inmobiliarias e de obras públicas. As construtoras fornecidas polas obras das administracións (aerportos, AVE, autovías- de ida e volta do privado ao público, xira! xira!, segundo o signo dos dividendos -edificios conmemorativos, polígonos industriais desertos, megalomaniácas cidades da cultura) alimentaron a súa vez aos políticos corruptos que as retroalimentaban.

Da época de Aznar estralan escándalos abondos, que primeiro acalábanse ou ben condeando e apartando ao xuíz instrutor do caso ( Baltasar Garzón e



*Gürtel*, Elpidio Silva e Blesa), ou ben negando súa existencia por activa e por pasiva (caso Bárcenas) o sementando manobras de distracción ou cortinas de fume para divertir e enganar ao persoal (*El-Rey* e Corinna, lei nova para o aborto, concertinas e inmigraciones -das emigraciones, nin palabra-consulta en *Catalunya*, O caso Ébola, O pequeno Nicolás etc.) con mellor ou peor empeño ou resultado para o goberno.

Pero nin os escándalos nin a pantalla de plasma nin a abdicación express son abondo para evitar que a bola de neve medre e aplásteos: do caso Bankia e preferentes pasamos ás tarxetas *black*; do caso Corinna ao caso Noos coa imputación da irmá de *El-Rey*, nestos momentos que escribo sexta na liña sucesoria; do Tesorero pepero Bárcenas (así era no momento que cometía as súas malfeitas) á *Gürtel*, o cinto que cigue todo e o demais das autonomías virreinais con ramificacións Púnicas.

En Galicia o escándalo das caixas abancadas, preferentes, pescanova, *pokemon* parecen desleirse nas malas compañías de *Feij007* que van do ce ao zeta, dun narcoamigo a un cazasubvencións, no son só enredos de faldas, ningún é escocés.

A crise económica que con economía creativa, recortes fuleros, ventas patrimoniais de saldo, privatizacións con dereito de retracto a conveniencia, reforma laboral anticonstitucional e lexislación neo-franquista eran campo abonado para sementar o medo e a perpetuación do Partido Popular no poder, sin embargo coa mascletá de corrupcións no país quedou convertido nun campo minado, no que non se sabe nin donde nin cando estalará o seguinte escándalo, a pesar de que a maioría absoluta PPeriana aplica o rodillo do BOE á produción de leis que supoñen un cambio encuberto e masivo da Constitución do 78: unha transformación dos principios garantistas do Estado de Benestar universalizado cara a Desamortización e

subarrendo do ensino e sanidade públicos; a conxelación das pensións a 0,25 ° sobre cero; a subida mensual do soldo mínimo de 3 €; a desaparición da xustiza gratuíta, a quebrantación do dereito a unha vivenda digna a favor do rescate aos bancos en quebra e, por último, o amordazamento do dereito de reunión (pública e privada) e de manifestación libre e gratuíta (van saír por un ollo e metade doutro): unha especie de estado

de excepción permanente baseado máis na sanción pecunaria que na manu militari.

A esta restrita de reformas constitucionais PPopulares quixose xunguir Mas, presidente da *Generalitat* catalana, o cal, no momento de redactar este artigo, balancease entre unha *Catalunya* independente pero roxa e unha Cataluña autónoma pero converxente.

Á precariedade en aumento, o paro en ascenso, a perda de poboación activa pola migración- inmigración ou emigración- aínda que nos repitamos, amontoase o *laisser-faire* e o plasma de Rajoy como detonantes para que a indignación apodere-se por arriba e por abaixo da meirande parte da poboación consciente, unha é que chova e outra que mexen enriba.

Neste contexto o único barómetro estadístico real son unhas eleccións, é o único exame co que conta un goberno para saber si se aproba o se desaproba a súa xestión; son tamén un exame *à deux*

## Jesús Díaz Ferrer: un artista barquense

Luis Enrique Rodríguez Arias



Quisiera reclamar la atención sobre Jesús Díaz Ferrer, un gran pintor y escultor natural de O Barco que, a pesar de la contrastada calidad de su obra, es un perfecto desconocido para la mayoría de nuestros convecinos y para el gran público en general.

El primer cuadro suyo que vi fue a mediados de los años 80 en una exposición en el Hostal de los Reyes Católicos de Santiago, una muestra de una colección particular dónde se exhibían obras de muchos de los grandes pintores españoles del s. XX (Picasso, Miró, Dalí, Solana, Zuloaga, etc.). Se trataba de un pequeño cuadro, pintado sobre cartón, que representaba a una joven sentada en el bordillo de una acera. A pesar de lo modesto del formato y el soporte, el propietario de la colección y los responsables de la histórica sala habían decidido mostrarlo en compañía de obras a priori más importantes y de autores más reputados. En la parte inferior se leía: "*Jesús Díaz, El Barco de Valdeorras*".

Mi sorpresa fue enorme, un paisano nuestro paseaba el nombre de O Barco por el mundo, conseguía que su obra se codease con la de los más grandes artistas... y en su pueblo parecía no saberlo casi nadie. El cuadro era de gran frescura y plasticidad, con un arriesgado y acertado juego cromático y de volúmenes digno de un gran maestro, condensaba cualidades de lo mejor de las vanguardias parisinas del s. XX. Estaba allí, entre obras de

todos esos consagrados pintores que yo estudiaba por aquel entonces y, la verdad, no desmerecía en absoluto. Supuse que tendría que haber algo escrito sobre su autor, pero la información era prácticamente inexistente. Pensé que, por no ser valorado en su tierra natal ni dado a conocer desde aquí, no ocupaba el lugar que parecía corresponderle dentro de la Historia del Arte.

Ese proceso de valoración ya se había dado en aquellos años en muchas villas y aldeas gallegas con otros tantos artistas olvidados o marginados, se había normalizado su *estatus* con el orgullo, el apoyo y el impulso de las administraciones locales, de sus políticos y sus funcionarios culturales... Pero en O Barco, con Jesús Díaz, nunca se llevó a cabo ese proceso.

Yo no pretendo ni puedo subsanar desde aquí un olvido que dura décadas, solo quiero contar algunas cosas sobre la figura y la obra de Díaz Ferrer que he ido descubriendo en estos años, dar un primer paso para evitar que se sigan usando el desconocimiento y la ignorancia como disculpas para no reivindicarlo.

Jesús Díaz Ferrer nació el 22 de mayo de 1922 en el seno de una familia barquense. Los testimonios de quienes lo conocieron en sus primeros años se refieren a él como un muchacho que, con el caballete a la espalda, era frecuente ver por las afueras de nuestro pueblo buscando vistas para plasmar en sus lienzos. Otros lo recuerdan ayudando en la peluquería de su padre, situada en la *Calle Oscura*, y comprando materiales de dibujo y pintura con las propinas que allí obtenía.

Estudió bachillerato en Ponferrada y luego en Madrid, donde se asentó en 1940 (con 18 años) para poder dedicarse plenamente a la pintura. Allí asiste al taller del maestro Eduardo Chicharro, discípulo de Sorolla, representante del academicismo

del s. XIX y uno de los más reputados pintores de su época. Díaz Ferrer confiesa que, si su economía se lo hubiese permitido, preferiría haber asistido a las clases de Daniel Vázquez Díaz, pintor más afín a su visión artística cuya influencia asimiló de forma extraacadémica.

En estos años de formación pinta desnudos, paisajes y bodegones. Con esta obra, solo cinco años después (en 1945) regresa a Ourense para hacer su primera exposición en la Galería de Arte del Liceo. Venía abalado por dos ojeadores de nuevos talentos como eran Florentino López Cuevillas (quien le dedicó un artículo en la prensa orensana) y Vicente Risco. Fueron los primeros en apreciar y elogiar el trabajo del joven Díaz Ferrer.

En 1953 viaja a París, enamorándose de la ciudad y afincándose en ella. Allí toma contacto con el movimiento surrealista a través de su relación

con Max Ernst, Bracque y Picasso, aunque a él, a pesar de impregnar buena parte de su obra, el surrealismo siempre le interesó más como filosofía o forma de vida que como escuela. Vive y trabaja en la capital francesa casi tres décadas, formando



parte de la prestigiosa nómina de la *Escuela Española de París*, hasta que, en 1982, se instala de nuevo en España. En la actualidad, a sus 92 años, vive en Teruel y continúa trabajando.

Sería imposible en este espacio hacer una detallada biografía artística de Jesús Díaz, tan solo quisiera enumerar algunas de las exposiciones más destacadas y otras actividades creativas que desarrolló a lo largo de su extensísima carrera. Tras la exposición del Liceo Orensano en 1945, expone en 1947 en la sala Foto Club de Vigo, en el 49 y el 52 en Madrid, Salas Cánovas y Biosca y en el 54, ya instalado en París, en la Galerie Cazelles. También en 1954, disfrutando de una beca concedida en Madrid el año anterior, pasa unos meses y expone en Suecia, en el 55 exhibe sus obras en la Galerie Breteau de París y, ese mismo año, participa como representante de la Escuela de París en la 2ª Misión Internacional de Arte de Povoá de

Varzim (promovida por el creador portugués Júlio Resende) junto a artistas de Francia Bélgica, España, Portugal, Estados Unidos, Finlandia y Noruega. En 1956 expone en Lyon y en el 57 en Vilefranche-sur-mer. Entre 1958 y 59 pasa una larga estancia en Zurich (Suiza) como consejero colorista de Guggenheim & Sons, fábrica de estampados. En el 59 expone en la Galerie Mariac de París y, a partir de 1961, comienza a alternar sus exposiciones en París (Galerie D'Alenson, 1965, Hotel Robert, 1979) con su regreso a las salas madrileñas (Sala Minerva, 1961, Círculo de Bellas Artes, 1962, Sala Edurne, 1969) y gallegas (Sala Velázquez, Vigo, 1964). Reinstalado en España, expone en 1988 en la Galería Comas de Barcelona y en 1989 en la Galería Laxeiro de Vigo.

En más de 70 años de prolífica producción abordó una gran variedad de temáticas y géneros. Pintó

paisajes, figuración, naturalezas muertas, desnudos, dibujos satíricos, marinas, escenas surrealistas, composiciones abstractas, escenas religiosas, retratos, cuadros de contenido

social, composiciones informalistas, escenas mitológicas... Utilizó y dominó todo tipo de técnicas y materiales: el óleo, los acrílicos, la tinta china, el carboncillo, el gouache, la tempera al huevo, el collage fotográfico, la confección de esculturas y joyas con materiales reciclados, la escultura en caliza y en granito, la talla de madera, el modelado y la acuarela, técnica esta última en la que es un auténtico maestro y con la que desarrolló parte de lo mejor de su obra.

No tuvo complejos en aproximarse a múltiples formas de hacer: el costumbrismo rural y marinero (destacando sus cosechadoras y sus escenas de puerto), un costumbrismo más urbano y parisino (consiguiendo magistrales escenas de calle y de mercado, directas e inmediatas), el cubismo (adaptado a su propia concepción colorista), el surrealismo (en el que crea un personal mundo de ensoñaciones plagado de fauna marina y seres imposi-

bles), el fauvismo (donde hace del color el auténtico protagonista) o el expresionismo (con el que consigue composiciones llenas de vitalidad y energía). Esta multiplicidad de temas, técnicas y estilos nos presentan a alguien que no cree en los encasillamientos ni en la repetición de fórmulas y enfoques, que cree en un arte totalmente libre de directrices ajenas, solo propiedad del artista y de sus estados de ánimo y preferencias puntuales. Su ecléctica y valiente concepción estilística y estética configuran una producción artística tan variada como personal e irreplicable.

El análisis de su trabajo permite ver a un pintor y escultor natural, que crea por la pura necesidad vital de expresar su mundo interior y su visión de la realidad circundante, un artista que no solo posee un extraordinario sentido innato del color y de la composición, sino que además sabe elegir todos aquellos elementos plásticos surgidos de las emociones.

Es un pintor, según sus palabras, *"de miles de cuadros, de los que quemé la mitad porque no me gustaban"*, lo que habla no solo de su gran capacidad productiva, sino también de su inconformismo creativo, su búsqueda continua y su huida visceral de la autocomplacencia.

En lo que conozco de su obra he podido apreciar influencias de multitud de artistas: Dalí, Gris, Chirico, Leger, Picasso, Rousseau, Duffi, Max Ernst, Cezanne, acuarelistas ingleses y asiáticos del s.XIX y un largo etcétera. Estas influencias son perfectamente asimiladas por Díaz, no para copiar estilos o modas, sino con el único afán de profundizar en las posibilidades plásticas de la pintura y la escultura, de indagar en la propia naturaleza de la creación artística y sus múltiples lenguajes.

Estamos ante un admirable ejemplo de artista pleno, totalmente comprometido con el arte, una persona que dedicó a la creación y a la investigación de las diversas concepciones formales toda su vida y esfuerzos.



En 1988 Caixa Ourense organizó en O Barco una exposición con sus obras. En Ourense se exhibió la misma muestra poco después, dentro de un ciclo destinado a dar a conocer la obra de pintores orensanos del exilio. En las reseñas y noticias de ambas se habla de Díaz Ferrer como de un pintor que, inexplicablemente, era desconocido para el gran público, hecho que cambiaría ahora al mostrar su espléndida obra, iba a ser su momento... Pero eso no sucedió. En O Barco no hubo más interés, no se aprovechó el estupendo trampolín que suponían las exposiciones y las críticas favorables.

Podríamos pensar que no había recursos para dedicarle al Arte, pero aquellos fueron años en los que se gastó un montón de dinero público de los barquenses en pagar becas a artistas foráneos, se promocionaron sus carreras, se publicaron costosos catálogos con sus obras... Estancias, parques y sótanos municipales se llenaron de cuadros y esculturas, pero a Jesús Díaz *-Jesús do Barco*, como firmaba en sus primeras épocas- no se le dedicó dinero ni tiempo. No se intentó recopilar parte de su obra que pudiera ser el germen de un futuro museo, no se colocó ni una sola escultura suya en un espacio público barquense, no ha habido un pequeño hueco que ofrecerle a él o a sus creaciones en su pueblo natal. En todos estos años no se publicó un simple artículo ni una obra suya fue reproducida en un folleto del Concello ni en un programa de fiestas...

Fuera de aquí sí ha habido algunos esfuerzos por colocar a Jesús Díaz en el lugar que le corresponde. Son ejemplos la citada exposición de 1988 en la capital provincial, su inclusión en el

*Diccionario Gallego Universal* (Ir Indo-La Voz de Galicia, 2003) y las elogiosas y reivindicativas palabras que el miembro de la Real Academia Galega

Francisco Pablo Holgados y el escritor francés Daniel Jacques Allonsius le dedicaron a su regreso a España. Una muestra titulada *"Pintores Gallegos del s. XIX y s. XX"* (organizada en la Sala de Arte

## babel 9

Laxeiro de Santiago de Compostela en 1999) incluye a Jesús Díaz entre los 34 pintores seleccionados, al lado de Sotomayor, Imeldo Corral,



Laxeiro, Mario Granell, Manuel Torres, M<sup>a</sup> Antonia Dans, Arturo Souto... todos grandes del arte gallego.

Estas iniciativas fueron intentos loables, ignorados y despreciados en O Barco, de reclamar el hueco que Díaz Ferrer se ha ganado en el arte gallego contemporáneo. Las obras del creador barquense aparecen en los catálogos de las principales casas de subasta españolas (Durán, Anticuaria, Ansorena, Segre, Alcalá, Isbilya, Appolo...), reservados a artistas de contrastado nivel, lo que también nos habla del interés de vendedores y coleccionistas por su trabajo. Hay cuadros y esculturas suyas en importantes colecciones particulares, no solo de España, sino también de Francia,

Suiza, Portugal, Suecia, etc. Pero, aunque parezca increíble, sigue siendo un desconocido para la mayoría y parte de la culpa de eso la tienen el desinterés y el poco compromiso real con la Cultura con mayúsculas que campa desde hace muchos años entre los responsables de nuestro pueblo.

Deben ser las instancias oficiales de O Barco las primeras en valorarlo, desde allí deben darlo a conocer, publicar un catálogo con sus creaciones, acercar su obra a los historiadores del Arte y a la crítica especializada para despertar su interés, organizar una exposición antológica con sus obras que circule por Galicia y por España...

No debería importar si se le puede sacar rendimiento político o no, debería importar su obra, y por ella debe ser conocido y reconocido. Los que esperamos hace tanto tiempo la puesta en valor de Díaz Ferrer suponemos que él no es ni ha sido demasiado afín a ninguno de los gobernantes y cogobernantes que ha tenido nuestro pueblo en estas décadas y posiblemente eso lo haya condenado al ostracismo y al olvido.

Jesús Díaz Ferrer parece ser un artista maldito, pero yo creo que en realidad no existen artistas malditos, solo existen coyunturas que los silencian.

Quizá algún día se revierta el vergonzoso trato que nuestras autoridades han propinado y siguen propinando a uno de los más grandes creadores que ha dado nunca nuestro pueblo. Hasta el momento, desde aquella vez que vi un cuadro suyo hace casi 30 años, O Barco y yo seguimos esperando a que los poderes públicos locales reconozcan la trayectoria artística y la innegable calidad de la obra de Jesús Díaz Ferrer y actúen en consecuencia. Ya va siendo hora...





## babel 9

deu a actividade polas zonas que dispoñían de grandes masas forestais: Soria, Navarra, Segovia, Andalucía occidental, Lleida, Marrocos, Guinea, e no Noroeste peninsular ata completar o número de vinte explotacións forestais.

A achega da madeira extraída nos montes do Noroeste (nas provincias de Asturias, León e Ourense), cubriu pouco máis do 5% das necesidades do ferrocarril nos seguintes trinta anos.

En concreto na provincia de Ourense, en Valdeorras, estableceu unha explotación nos montes de Trevinca. Durante sete anos (1943-1949) tallou a masa botánica da finca privada de "La Cabrera".



**Paso das travesas polo Quello dos Mortos. AHF-MFM**

A finca "La Cabrera" de 8.250 hectáreas, radicábase no término municipal de Carballeda de Valdeorras. Comprendía as terras altas que rodeaban as aldeas de Lardeira e Casaio, aos pés de Pena Trevinca e no inicio da Serra do Eixe.

A propiedade era compartida entre os veciños de Lardeira e Casaio que dispoñían do dominio útil sobre o uso dos montes e o Conde de Peña Ramiro

co dominio dereito. Mariano Caro y del Arroyo, conde de Peña Ramiro, herdara o seu dereito do marquesado de Vilafranca do Bierzo que no Antigo Réxime exercera xurisdición señorial sobre todas as terras da Cabreira leonesa que incluían os montes do macizo de Pena Trevinca. Mariano Caro amais era descendente do Marqués de la Romana, Pedro Caro y Sureda, que durante a Guerra da Independencia enfrontarase ao exército napoleónico (durante a súa retirada dende Astorga ao interior de Galicia ante o empuxe das tropas do mariscal Soult se produce a desfeita do arco central da ponte que cruza o río Sil na Ponte Nova).

Mariano Caro firmara no 1941 un acordo de explotación madeireira por dez anos sobre 7.000 hectáreas da finca cunha sociedade propiedade do industrial ourensán Constantino Prieto, e do enxeñeiro de camiños Luis Sánchez-Guerra, irmán do destacado político do Partido Radical Rafael Sánchez Guerra, con grandes intereses nos bosques da Guinea española da que fora Gobernador Xeral. Sánchez Guerra amais fora conselleiro da Compañía Ferroviaria del Norte unha das que foran nacionalizadas para crear a RENFE. O contrato garantira ao conde de Peña Ramiro o cobro de tres pesetas por cada travesa elaborada ata unha cantidade final global de 500.000 pesetas.

No ano 1943 a RENFE iniciou a explotación de 600 hectáreas arboradas no curso alto da bacía do río Casoio. Agardaba sacar 300.000 travesas a 50 metros cúbicos por hectárea nas ladeiras poboadas dunha masa forestal composta na súa maioría de carballo albar (*quercus petraea*).

Previamente a RENFE comprara a Constantino Prieto e Luis Sánchez-Guerra o dereito de cesión por 500.000 pesetas. E modifica o acordo inicial ca familia Caro no que se comprometía a pagarlles un mínimo anual de 30.000 pesetas como resultado da preparación de 10.000 travesas a tres pese-

tas a unidade. Amais lles abonaría 75 pesetas por tonelada de carbón producido garantindo que aos cinco anos podía revisarse os prezos nun 25%.

RENFE calculaba un custo medio por travesa de 23,65 pesetas no que incluía a fabricación e os dereitos de cesión. Era máis barato que abastecerse no mercado. Así a empresa coruñesa Fillos de Benito Ares S.A. lle cobraba un prezo que oscila-

## babel 9

ba, segundo a calidade, entre as 24 e as 27 pesetas por unidade. O empresario do barrio da Ponte de Ourense Manuel Seoane mantiña os prezos entre as 22,50 e as 25 pesetas. No balance final dos sete anos de explotación (1943-1949) a explotación forestal presenta unhas perdas globais de 602 pesetas, cuns gastos de 4.524.459 fronte uns ingresos de 4.523.856 pesetas.

A finca "La Cabrera" produciu 15.380 metros cúbicos de madeira de carballo albear. A maioría travesas para vía hancha de 2,60 metros; travesas de distintas medidas (2,40; 2,00; 1,60; 1,40 metros) para ferrocarrís de vía estreita, metropolitanos, minas e tranvías. Complementariamente elaboraba cos restos: postes, tacos, vigas, piso de vagóns, carbón vexetal, etc...

Entre os pequenos clientes a quen suministraba produtos estaba a empresa "Minas del Eje", radicada no estremeiro regato de Valborrás, de capital alemá e dedicada a extracción de volframio para abastecer ao exercito nazi durante a IIª Guerra Mundial que anualmente lle compraba 200 travesas amais de leña para as instalacións.

A explotación forestal estaba encravada nun paraxe de difícil acceso e era necesario para chegar a ela utilizar unha estrada de 22 quilómetros, feita polo alemáns, que comezaba na N-120 á altura da Médua e acababa na mina de volframio de Valborrás. Nese punto empalmaba cunha pista de cinco quilómetros que se internaba no lugar de Sacedo onde se atopaban os almacéns, as cortes e as instalacións para os traballadores.

Contaba ademais cun pequeno serradoiro movido por enerxía hidráulica. Os traballos de saca dos montes necesitaban dunha gran cantidade de machos, e despois de descortizar e limpar os troncos transformábanse en travesas no serradoiro.

Ante a escaseza de camións e de carburantes pola política de embargo sobre o petróleo imposta polos países que formaban a coalición antinazi, como alternativa utilizáronse os ríos para o transporte. O recorrido fluvial debía superar todo tipo de obstáculos, sobre todo de tipo orográficos e climáticos. Requiría ademais traballadores fortes e destros no manexo das pértegas. Eran os traballadores mellor pagados cun salario por xornada de 12 pesetas.

As augas do río san Xil e do río Casoio acercaban as travesas ata o río Sil onde se recuperaban e apiñaban no peirao de carga da estación de Sobradelo para o seo embarque. Co tempo a esta-

ción de Ponferrada dispuxo dun serradoiro propio con enerxía eléctrica que complementaba as expedicións. Pola contra na estación ferroviaria de O Barco de Valdeorras radicaba a oficina administrativa da explotación.

Os traballos no monte foron os que máis traballadores ocuparon. A maioría dos operarios vivían sobre o terreo en chozos levantados por eles mesmos para evitar o desprazamento diario a Casaio. A xornada de traballo era intensa e determinada polas faenas que se axustaban mediante o sistema de "destajos".

O custo salarial superou anualmente o 21% do gasto total da explotación. Salarios que nunha zona deprimida e dedicada tradicionalmente á gandería e agricultura de autoconsumo suavizaron os efectos da terrible crese da posguerra.

Pola contra as consecuencias ecolóxicas foron desastrosas. Na finca de "La Cabrera", ao ser unha finca privada, non se utilizou o sistema da entresaca nin se repoboaron as zonas de tala que eran obrigadas nas explotacións en montes estatais (serras do Cazorla e Segura). O sistema de extracción consistiu en "ir a feito", que era o máis prexudicial para o monte.

Tras sete anos de explotación os montes apareceron despoboados e só se salvaron pequenos caborcros poboados con especies de escaso interese comercial ou de difícil transporte. Foi o caso do Teixedal, ao pé de Pena Surbia, poboado de teixos (*taxus baccata*) que foron respectados pola incapacidade de flotación.

### Fontes:

- AHF-MFM. Archivo Histórico Ferroviario del Museo del Ferrocarril de Madrid.

### Bibliografía:

- Muñoz Rubio, Miguel. *RENFE 1941-1991, medio siglo de Ferrocarril público*. Ediciones Luna S.L., Madrid, 1995.

- López Balazote, Antonio. "Las explotaciones de RENFE en montes del Patrimonio Forestal del Estado", en Revista Montes, nº 140. 1968, páxs. 121-125.

- Rubio Mazón, José María. "Las explotaciones forestales de la Red Nacional de Ferrocarriles Españoles", en Revista Montes, nº 140. 1968, páxs. 127-133.

### Fotos:

- AHF-MFM.

## babel 9

de emulación entre Ppito e Psoíto: non era tanto pola nota que quite un como, a que lle dean ao outro, no bipartidismo turnista borbónico, non importaba ninguén máis: nin os partidos minoritarios, nin parados, nin precarios, nin nini, nin clase obreira, nin clase media: só a clase política institucional.

As eleccións europeas foron una demostración máis da casta e da caspa, o Movemento Podemos conxuntamente co Efecto Podemos foron determinantes para a entrada dun terceiro en discordia na disputa da administración do Estado ou do que deixen de él.

A reacción de ambo-los dous partidos turnistas é digna de encomio para os defensores do xogo porco e marrulleiro; na vez de aplaudir e dar a benvida ao novo contricante con oportunidades no fair play da política democrática, recurriron ao tono pijo (caca!) displecente de Hernando - voceiro do PP -, ou abriron a caixa franquista dos medos cun vocabulario trasnoitado (bolcheviques) de Pedro Sánchez - secretario xeral do PSOE -: Podemos forma parte do contubernio internacional islamista, hacker e bolivariano.

O ataque do PP é de recibo coa súa vontade de poder á totalidade e a súa vocación de partido único, máis non se comprende desde certas figuras do PSOE, cuspen para riba, xaquelogo cada vez que insultan a Pablo Iglesias, psicoanaliticamente insultan nominalmente ao seu fundador. Que xeito de matar ao padre, e confundir ás bases!

### Podemos/Ganemos, Movemento Podemos

Xorde do conglomero de protestas espalladas ao longo da xeografía, dotadas de personalidade propia, como decía Zigmunt Bauman, en *Ética postmoderna*: “*los movimientos sociales contemporáneos, como toda organización en la sociedad tecnológicamente estructurada, por lo general se abocan a una tarea, y solo se involucran en tareas auxiliares, que ayuden al éxito de la tarea principal. Por lo general son movimientos entorno a un solo problema, por ello, confirman el principio de singularidad y la suposición de autonomía y autocontención de problemas*”.

Así marchas pola dignidade, *escraches*, movementos de protestas vecinais, os preferentistas estafados, ou mesmo, as plataformas antidesafuzamentos (PAH) que serán pioneiras en dotarse de un rostro, Ada Colau, mareas verde e branca... tras o éxito europeo de Pablo Iglesias darán un salto

cualitativo, un paso adiante cara a ampliación e dirección da protesta.

Os primeiros que dotan de estratexia e voz ao conxunto de protesta e reivindicacións diversas, que fan abstracción e condensación de aquela aparente diversidade son os redactores do *manifiesto mover ficha*, no xaneiro de 2014, depositarán a súa confianza nun non-asinante do manifesto, o presentador da TV local *La Tuerka*, Pablo Iglesias Turrión, politólogo, ao que o acceso ás TV de ámbito estatal lle permitirá dar renda solta e verbalización a todo desencanto, fastío e cansacio, sospeita, sensación e realidade da impunidade, descontento, cabreo e indignación nas rúas e no sillón



caseño; presentar un falagador discurso, coherente e pedagóxico: o concepto casta ligado á corrupción e ao vergonzoso enriquecemento, á ostentación, ao malgasto e aos recortes; denunciar as imposicións externas do FMI, *Troika*, BCE conformadas por tecnócratas que imponen o seu poder sen ser elexidos por sufraxio universal; acusar o sometemento ao ordeno e mando da Merkel para derogar o artigo 135 da intocable e candada Constitución do 1978 etc.

A existencia dun discurso económico alternativo ás directrices austericidas da Banca alemana que só levaron a España a máis paro, máis endebedamento financeiro (andamos polo 100 % de PIB, a pesar de contabilizar no novo PIB puterío, narcotráfico e outras economías mergulladas: IBI e demáis impagos da Igrexa), recortes inservibles e

ineficientes, perda da calidade de vida da clase media, que se cría inmune e blindada ás desgrazas da clase obreira. Todo este conxunto de circunstancias, con algunha máis que se me despista ou esquece, van conformado o que se chamará Efecto Podemos, que empapa transversalmente a todas as institucións e habitantes deste país, que arranca a venda dos ollos e pon lentes a moitos que non vían ou non querían ver delito na impunidade, desamortización, prevaricación, complicidade e latrocinio da aristocracia borbónica da MIT (Maldita e Intermible Transición), a casta: la caspa franquista rediviva ou que nunca se foi ( 2º principio da termodinámica política turnista española: a caspa nunca se perde, só se transforma, a Entropía do Sistema da Transición).

**Efecto Podemos**

É o acordar da sociedade civil á crise política, económica e xudicial da España nos albores do Século XXI. É a expresión da repugnancia ante a

galiñas ou piqueteiros de folgas ou manifestantes); o segundo paso é a expresión en voz alta do descontento e botarlle as culpas á mala gobernanza. Ven ben resaltar o intento de Soraya de Santamaría de trasladar o seu descontento polas sentencias excarcerarias de etarras (de acordo coa lexislación vixente da Europa que outramente lle enche a boca na xustificación dos recortes) dentro dun contexto que non é lle atribuíble, nin a ela nin á Sra. Cospedal, son parte do poder executivo e lexislativo, e por outra banda están as manipulacións para expulsar do seu posto ao agora molesto Xuíz Ruz (Barcenás, *Gürtel*) etc.

O Efecto Podemos provocou inculpacións cada vez máis fundamentadas do intocable Blesa, Rato, Bankia e Caja Madrid; é tamén atribuíble ao amparo do Xuíz Castro ante Undargarín, ás sentencias contra a reforma laboral, á entrada na cadea de Carlos Fabra, á dimisión do tradicionalista e antiabortista Gallardón, ao cese en diferido de Mato, supervivinte a un *xaguar* e ao Ébola; como



tamén parte do Efecto Podemos é a crucifixión de Errejón, como non?

Así se podería ir debullando pouco a pouco os pequenos cambios máis nas formas, que no fondo, que produxeron nos medios de comunicación, na actitude profesional e aparente imparcial de moitos xuíces.

mediocridade hereditaria, a mentira instituída, a hipocrisía e falsedade na sociedade da información da monarquía e a súa corte dos ilusionismos económicos e malabaristas do bipartidismo turnista. É a explosión da rabia contida ante a corrupción coñecida, sabida e consentida e a manipulación dos xuíces (o expulsión si é o caso, primeiro Garzón, Elpidio Silva despois) e fiscais e avogados do Estado defensores dos encausados de renome (casta). É dicir: nunca máis!

Á aplicación de dúas varas de medir na aplicación da xustiza: primeiro paso está na concenciação ou toma da consciencia do problema (imputados de clase alta ou princesil, presidentes de diputación con prórrogas eternas o inhabilitados na xubilación, presos *VIP* como Barcenás, Pantoja, ou mediopensionistas como Matas fronte aos roba-

O Efecto Podemos é crítico, implica a todo aquilo que non se quere, o indesexable, desprezable, mesquiño, ruín, vil, para nada é definitorio ou indica o desexable, o que se quere.

**Ilusión**

Os medios de comunicación teñen a función de vender ilusión, unha visión irreal da realidade, a chamada realidade virtual. Pablo Iglesias é convidado aos medios como convidado de pedra, moneco do pim-pam-pum e pepito grilo da esquerda culpabilizada polo pensamento dominante. Pero nin se queda calado nin se encarrila no discurso establecido do “*e ti máis*”, aporta dun xeito tranquilo, mediático, unha forma persoal de participación nos debates e outra visión do modo de enfrontar a crise, xoga con certas ventaxes de profesor,

## 2. REVISANDO O MARXISMO

A volta á lectura da obra de Marx volve estar na primeira liña de actualidade como podemos comprobar no mundo editorial. O “*Manifiesto comunista*” foi o libro máis vendido na feira do libro en 2012 á vez que se publicaba *El Capital en cómic* (El Manga, Herder 2013) e unha nova biografía: “*Karl Marx. Una vida decimonónica*”, de Jonathan Sperber (Galaxia / Círculo de lectores 2013) entre outros.

O control dos medios por *lobbys* empresariais é un signo máis das relacións entre economía e política que reflicte a imposición ideolóxica dun grupo social minoritario sobre o resto dos grupos sociais, que en tempos de crise aparecen claramente desfavorecidos. Santos Juliá o denunciaba así: “*No era bastante la agresión que las clases medias, en sus distintos niveles, han sufrido con la bajada de sus salarios nominales y reales, la masiva pérdida de empleos, los ERE y demás artefactos de liquidación de derechos laborales, que no contentos con todo eso se aplican a dar la última puñalada: si necesitas un médico, hazte un seguro privado; si estás dotado para la ciencia vete al extranjero; si quieres para tu hijo un colegio con un profesorado joven y motivado, págatelo de tu bolsillo. Esto es el mercado, so idiotas, nos dicen los que pretenden protegernos de la devastación que ellos mismos provocan en los bienes públicos*”. *La devastación de los bienes públicos*” (en *El País*, 26-1-2015).

Algúns datos da situación actual galega recollidos da *web* do Instituto Nacional de Estadística que non aparecen na “*Galicia das marabillas*” do señor Feijóo: “... el número de sociedades mercantiles constituídas el último diciembre, en tasa interanual, aumentó un 6,8 en España y disminuyó un 7,1% en Galicia... la producción española creció un 1,4 el año pasado y la gallega se desplomó un 4%, la mayor caída entre todas las comunidades autónomas... EPA, el año pasado se crearon 433.900 empleos en España y se destruyeron 2.200 en Galicia... Seguridad Social, en el último trimestre de 2014 Galicia perdió 15.783 afiliados,

mientras el resto de España ganaba 101.813. La comunidad autónoma tiene a día de hoy menos cotizantes que hace ocho meses”. (Galicia, *rezagada (igual que con Carlos III)*, de Fernando Salgado, en *La Voz de Galicia*, 12-2-2015).


Cáritas detecta 3600 persoas sen casa en Galicia, para máis información léase o artigo de Miguel Pardo “*Los datos estropean la Navidad optimista de Feijóo*”, en *El Diario.es*, 23/12/14).

En lugar de identificar marxismo e comunismo coa desastrosa interpretación oficial da Unión soviética despregada coa máxima crueldade por Stalin, (conta Cándido nas súas memorias prohibidas que Carrero Blanco pensaba que de cando en vez o “*home de aceiro*” desprazábase a Siberia a recibir ordes do mesmísimo Lucifer) habería que preguntarse, se pode a actualidade ser analizada desde a perspectiva marxista. Lonxe de ser un sistema pechado, xa Lenin propuxo a posibilidade de apertura a diferentes interpretacións metodolóxicas que puideran aplicarse á análise sociolóxica. Revisalo en función do marco material de cada fase histórica.

O primeiro en desmontar a suposta neutralidade entre capital e traballo foi Carlos Marx, problemas constituíntes desa relación (prezo/salario/ganancia) que permanecían velados nun suposto Estado de Benestar volven aparecer con máis forza, e a tan aldraxada loita de clases non fixo máis que acentuarse. “*Hai en efecto, loita de clases, e a estamos gañando*”, Warrent Buffet.

Aínda que teriamos que redefinir o concepto de “clase” tendo en conta que, o que antes chamábase proletariado deixou de existir desde

o momento en que os traballadores xa non teñen conciencia de se mesmos loitando por obxectivos comúns, que en plena globalización aparecen fragmentados dentro dunha nova clase social en proceso, Guy Standing a chama : “*o precariado*” e non chegan a formar parte dunha comunidade laboral solidaria. Isto intensifica unha sensación de alienación e instrumentalización en todo o que teñen que facer..” (en *Pasado/Presente*, p.34, 2013).





# O marrachace

Francisco Cobo Rodríguez

Algúns dos que se atrevan a ler este artigo seguramente se acordarán de que había no Barco, un xogo de rapaces, bastante popular en tempos, que se denominaba o marrachace.

En resumo o xogo consiste en que un grupo de chavales se dividen en dous bandos ou equipos. Os membros de cada un saen a correr, con certa orde, nun campo acordado, tratando de pillar ao corredor contrario, para o que chegaba con tocalo. Se o lograba o tocado quedaba preso. Os presos tiñan que tocar unha parede, polo menos un, e o resto formar unha corda agarrados uns a outros ata o que tocaba o muro. Así aumentaban a súa distancia da parede. Con isto facilitábase que algún do equipo puidera chegar ata o extremo e libéralos cun simple toque. Se todos estaban presos, excepto un, era posible que este liberase así a todos, gañando deste xeito a partida. Se non e caía preso el tamén, vencían os contrarios. En todo caso berrábase: **marrachace!**, ao gañar.

Para min o reto agora é explicar esa designación. Nas miñas buscas nunca atopei ese nome fóra do Valdeorras. Desde logo era chamado así no Barco e en Viloiira polo menos, e supoño que nalgún lugar máis do concello. Pero si que atopo outro nome parecido: *marro*, verificado p.ex., en Mones (S. Miguel), que sen dúbida está na orixe. Aparece noutras partes do territorio de fala galega: en Vincios, Po, na Veiga de Ribadeo (o oficial Vegadeo, de Asturias), onde tamén o chamaban *marrio*, e en Muros, C. Deste lugar dou estensa noticia de como se xogaba Arturo Romaní, desgraciadamente indica que desapareceu en 1934, como desapareceu noutras moitos lugares. O Dicionario da Real Academia Galega dá como sinónimo de marro - e o define exactamente igual -, o de *pilla*, o que é un despropósito como outros dese dicionario normativo. Na *pilla* o que panda só ten que tocar / coller a alguén, que quedará no seu lugar de

pandote, o que non ten que ver coa complexidade do marro.

Do resto de España, sen pararme moito a mirar en Internet, vexo que aparece como marro en Muel (Zaragoza), en Larué (Huesca), Ontiñena e Villanueva de Sijena (Huesca), onde o chaman *marro bandera* (sen dúbida para diferencialo do outro marro); en Allo (Navarra), en Tubilla del Lago (Burgos), en Canarias, en Abengibre e Alborea (Albacete), en Boñar (León), en Becerril de Campos (Palencia), en Viandar de la Vera (Cáceres), etc. Coñécese tamén noutros países, p.ex., en Francia, onde recibe o nome de *barres*, sendo descrito brevemente por Jean Nicot en 1606 e por Furetière en 1690; o nome alude a unha liña ou trazo no chan que separa cada bando.

Como agora é doado atopar en Internet material moi diverso, vexo que existen en castelán polo menos dúas variantes de marro. Nunha primeira colócase algo a derribar cun obxecto que parece que primitivamente era unha pedra (chamada marrón). Así o vexo en Covarrubias (s.v., marrar), o que supón unha data xa antiga: 1611. Este xogo chámase ou chamouse en castelán tamén *tángano*, *tango* e *calva*. En catalán tamén se rexistra un xogo denominado marro, pero pola descrición que del se fai corresponde ao noso tres en raia. Así que estes xogos non son o noso.

O outro marro, o noso, aparece na primeira edición, entre 1726 e 1739, do dicionario da Real Academia Española de la Lengua (R.A.E.). Este marro, aínda que se explica moi resumidamente é sen dúbida o noso xogo. Na cita de autoridades da palabra menciónase a obra *Plaza universal de todas ciencias y artes*, que é de 1615, da autoría de Cristóbal Suárez de Figueroa (ca. 1571 – ca. 1644), hoxe practicamente descoñecido, pero ao que algúns lle atribúen o famoso Quixote de Alonso de Avellaneda. En portugués hai un xogo

que se amolda tamén ás mesmas características, e que se denomina *marra*, así no dicionario de Moraes de 1813, nome ligado ao do castelán (que non quere dicir que o preceda, aínda que se recolla máis tarde). Así que temos marro e marra como posibles antecedentes, polo menos da primeira parte, do nome *marrachace*.

Para explicar o nome do xogo é moi interesante outra acepción de marro que inclúe o primeiro dicionario da R.A.E. do XVIII (que adaptarei ao galego): marro: “o acaneo ou furtamento do corpo que se fai para non ser collido e burlar ao que persigue; dise dos animais para escapar dos cans de caza”. Sen dúbida as fintas que fan os xogadores cando corren perseguidos polos contrarios inspiraron o nome, e desde logo as figuras, regateando o corpo, eran constantes. Tal marro está ligado á forza con *marrar* 'faltar', como o define Covarrubias en 1611, explicando que non é vocábulo 'cortesano', senón de xente vulgar, e pon un exemplo: '*poco le marró: poco le faltó*'; da mesma maneira lacónica o define o dicionario da RAE en 1734, pero engade unha segunda entrada: *marrar* '*vale también por desviarse de lo recto*', que é outra forma de dicir que 'falta' ou que 'falla', e que sigue a ser de aplicación ao caso. *Marrar* consta tamén no léxico galego – portugués desde polo menos o século XIV, recolléndoo vocabularios e dicionarios desde o século XVIII (Sarmiento) con diversos significados: “faltar, fallar, errar; agotarse algo, etc.". Sarmiento indica dous exemplos de uso: “*marrou o golpe*”, “*marran tres reales (dunha conta)*”. En galego coñécese tamén *marra*, f. 'falta; fallo, erro; claro nun cultivo', que se recolle en bastantes dicionarios, e *marrada*, f. 'claro sen plantas nun campo sementado', xa dialectal.

Cómpre dicir que todos son vocábulos en retroceso no léxico galego usual, como ocorre con outras moitas palabras; pero tamén ocorre con *marrar* en portugués e en castelán. *Marrar* está explicado como un verbo de orixe xermánica. O célebre REW o atribúe ao xermánico *marrjan* 'obstaculizar, impedir; enfadar, molestar', mentres máis recentemente Roberts e Pastor o dan de \**marzjan* 'impedir'.

A asociación entre marro e *marrar* parece clara, e *marrachace*? Sen dúbida a primeira parte da palabra, *marr(a)*- está aclarada por marro ou por marra; a segunda parte -(a)chace, non, e parece escura. Para explicala oócresenme varias teorías:

a)- que fose alteración esporádica dun berro *marraches!* 'fallaches!', dirixido ao perseguidores, e que fixera gracia no momento ata lexicalizalo; non faltan exemplos deste tipo de distorsións que quedan fixadas.

b)- Doutro berro emitido en circunstancias similares: *marra / marro achases!* 'falla obteñas!' ou ben: *marra / marro achase!* 'falla atopase!', fórmulas desiderativas contra eses mesmos perseguidores (ou a favor do posible libertador, pois nalgúns lugares marro é tamén a parede de cada bando), o que indicaría unha antigüidade considerable do nome do xogo. Implicaría o uso vivo do verbo galego achar 'atopar, encontrar', hoxe tamén de uso residual, pero moi vivo en tempos. Por suposto a frase acabaría lexicalizada por crase (fusión de palabras) e con cambio do -s- de achases / achase en -c- /O/, por tomala por unha pronunciación viciosa.

c)- Nas mesmas circunstancias: *marra / marro rachase(s)* 'rompas o marro!', dirixido, p.ex., ao xogador que intenta liberar ao apresados, de novo con crase para formar unha única palabra, e co mesmo cambio de -s- e -c-, e polas mesmas razóns.

Calquera das dúas últimas parécenme as máis verosímiles. A antigüidade na que se designou o nome e fundamental; se o nome é recente (entrado o s. XX), inclinaríame pola última, polo retroceso do verbo achar. Con todo non é imposible que o usase algún rapaz inmigrado do sur: trasmontano, p.ex. (para Valdeorras viran bastantes portugueses moito antes do auxe da louxa) ou da comarca das Frietas e arredores (o *Glosario de Voces do Galego de Hoxe*, 1985, recolle aínda achar na Mezquita, na Gudiña; e xa preto en Porto, Zamora; ademais sei que tamén se usou en Lubián e outras localidades sanabresas). Coñecer as circunstancias do caso si dilucidaría, pero aí imos a estar a escuras sempre, salvo que coñecésemos algún paralelo que agora mesmo se me escapa.





## Ciudad vampira

Aitor Insunza Núñez

El urbanismo es, probablemente, la fuente histórica más inmediata, accesible y fascinante de entre todas las que existen. Las grandes avenidas de una ciudad hablan, y las callejuelas peatonales incluso cantan.

Si damos un fugaz paseo por el centro de la capital del Estado nos percataremos rápidamente de que, hasta bien entrado el siglo XX, la Villa y Corte era precisamente lo que su título de ciudad promete: una villa; un pequeño pueblo manchego a años luz del dinamismo de Londres, París o Buenos Aires. Continuando, y dejando atrás la zona de Sol, Plaza Mayor y Cava Baja, en dirección a Princesa, comenzaremos a distinguir los inconfundibles monolitos grises del *Desarrollismo* cuyo estilo arquitectónico solo puede calificarse con una palabra: setentero. En veinte minutos de paseo ya sabemos dos cosas: que Madrid fue una ciudad poco pujante en Europa hasta el siglo XX y que fue también la capital de un Estado totalitario que despegó a marchas forzadas en los años 60 y 70, provocando como consecuencia grandes contrastes arquitectónicos tras una larga posguerra en la que poco o nada se pudo edificar (y no solamente en el sentido urbanístico).

Hay ciudades sobre las que podemos establecer un rápido diagnóstico de salud utilizando este sencillo método del paseo. Saltando el Atlántico, a orillas del río Saint Lawrence, se encuentra una ciudad famosa en el pasado remoto por su actividad industrial, vanguardia arquitectónica y evolución demográfica desenfrenada. Hoy en día es bien conocida por todo lo contrario. Hablamos de Detroit, la crepuscular metrópolis estadounidense abandonada a su suerte en donde los desvencijados edificios art déco del *downtown* son frecuentados por ratas y coyotes. Cascotes de cemento poblado las aceras, plagas de óxido invadiendo bancos y farolas, gente sin hogar empujando carritos llenos de trastos... todo ello forma ya parte de su incon-

fundible paisaje urbano.

La ciudad del motor, que necesita a *Robocop* más que nunca, está inmersa en un coma profundo tras la declaración de bancarrota por parte de las autoridades locales en julio de 2013.

Pero su decadencia comenzó mucho antes, y muestra de ello es que se trata de una de las ciudades con más delincuencia de Estados Unidos desde principios de los años ochenta, momento en que la antaño próspera industria local comenzó a quebrar. A ello hay que sumar la segregación racial, la ausencia de servicios públicos elementales y la ineficiencia de un cuerpo policial cada vez más reducido. Recientemente se anunció una salida de la bancarrota al percibir el Ayuntamiento algunas señales de recuperación económica y demográfica, pero por lo general las expectativas no son muy optimistas.

El ocaso de esta urbe ha dado la vuelta al mundo y las sórdidas imágenes de sus calles han ocupado portadas de diferentes revistas y periódicos. Pero, como suele ocurrir, hay más Detroit. Hay más lugares en los Estados Unidos de América que presentan rasgos propios de una civilización fallida, la mayor parte de ellos situados en el *midwest*.

Saint Louis, en el añejo estado de Missouri, es una ciudad de unos trescientos mil habitantes conocida por el *Arco Gateway* -una colosal catenaria de metal construida en los años sesenta para conmemorar la expansión hacia el Oeste- y por su glorioso pasado colonial francés. En varios episodios de *Shameless*, una serie estadounidense de la HBO, se habla de ella como un lugar olvidado, perdido y aburrido que nadie querría visitar.

A esta breve descripción hay que añadir un dato importante: la ciudad se divide en Saint Louis *Downtown*, la parte más densamente poblada de la ciudad, y *East Saint Louis*, un barrio marginal de extrema pobreza bautizado como "el arrabal de América" por el periodista neoyorkino Robert D.

"Vivo en la ciudad más triste que jamás una mente pudo imaginar". Nacho Vegas.

## babel 9

Kaplan.

Situado entre Missouri e Illinois y con treinta mil habitantes -el 10% de la población de Saint Louis- este núcleo secundario presenta más de la mitad de sus edificios en estado de ruina, unos altos índices de desempleo y decenas de fábricas abandonadas. El 97.96% de sus habitantes son negros, porcentaje que aumenta cada año debido a la migración de personas blancas hacia Saint Louis, y los servicios públicos son inexistentes: cada vecino debe ocuparse del pedazo de acera que le corresponde, el camión de la basura pasa una o dos veces por semana -con suerte- y son pocas las escuelas estatales que resisten este vendaval de decadencia. Al igual que sucedió con Detroit, la desindustrialización del llamado *Rust Belt* (cinturón fabril formado por varios estados norteamericanos) convirtió a East Saint Louis en el desolador paraje que es ahora.

¿Y qué fue de la gente que pudo permitirse escapar de estos postapocalípticos escenarios? La mayoría emigraron a estados prósperos del noreste en busca de trabajo no cualificado, mientras que los más pudientes se quedaron en Detroit o Saint Louis para seguir al frente de sus puestos directivos en empresas multinacionales completamente ajenas a los problemas de la reconversión industrial.

Estos últimos solamente tuvieron que mudarse de sus viejos y cada vez más degradados barrios hacia nuevas zonas residenciales con seguridad privada creadas para un estatus social determinado. No se trata de los típicos distritos ricos que podemos encontrar en cualquier ciudad europea, teniendo los que nos ocupan un origen y una finalidad muy diferentes. Además de la seguridad privada que mencionábamos, los barrios-búnker de las afueras de Detroit o Saint Louis cuentan con servicio de limpieza privado, escuelas privadas para residentes, supermercados de alta gama y modernas clínicas privadas, además de encontrarse flanqueados por altos muros vigilados día y noche. El objetivo de todo ello es claro: aislarse de la decadencia, la pobreza y el común en una exclusiva fortaleza apta solamente para aquellos que se

la puedan permitir.

El centro de la ciudad es frecuentado por el estamento privilegiado únicamente durante el día para ir a trabajar, y sus coches son aparcados en seguros garajes subterráneos que la propia empresa proporciona a su plantilla.

Este triste e incivilizado fenómeno sucede en muchas otras urbes estadounidenses del *midwest* y no siempre por las mismas razones. En Omaha, ciudad más poblada del estado de Nebraska, la desmembración y segregación ha comenzado sin una hecatombe económica previa. El modelo de dispersión poblacional y diferenciación social que se ha desarrollado aquí es muy similar al de los otros casos: un elevado porcentaje de población afroamericana se queda estancada en distritos céntricos, cada vez más deteriorados y faltos de servicios públicos, mientras que la población blanca construye sus núcleos blindados a las afueras y relega el centro de la ciudad a un segundo o tercer plano. Paralelamente, la tasa de criminalidad sube, probable consecuencia de la falta de cohesión social, marginación, ausencia de asistencia pública y descentralización económica local. Omaha se encuentra entre las veinte ciudades más peligrosas de Estados Unidos según un informe reciente, y Nebraska es el estado que presenta más asesinatos de población negra.

Otra de las ciudades que suele encontrarse en el *Top 10* de criminalidad nacional es Atlanta, la capital del estado de Georgia. El *skyline* de esta ciudad sureña es famoso por haber aparecido en numerosas escenas de *The Walking Dead* pero parece no gustar a muchos de sus habitantes, que prefieren vivir en alguno de los numerosos barrios de moda del extrarradio.

Esta tendencia tiene su origen en el proceso de *gentrificación* iniciado espontáneamente en los años 70 e impulsado a partir de los 90 por el propio ayuntamiento con motivo de los Juegos Olímpicos de 1996.

¿Que qué es eso de la "gentrificación"? Muy sencillo: se trata de reconvertir o reciclar un barrio depauperado y marginal para que pueda vivir en él gente de una elevada posición social. Lógicamente, los pobres que antes vivían allí son



desalojados de forma activa o pasiva -aceleración de desahucios, compra de inmuebles a precios irrisorios- y lo que ocurre con ellos nadie lo sabe. Subrayamos las palabras reconvertir y reciclar en el proceso, pues en ningún caso se trata de rehabilitar el barrio para que puedan continuar viviendo en él sus habitantes originales.

Algo similar ocurrió con Brooklyn: pasó de ser un distrito con ciertas áreas a evitar por los taxistas dada su alta tasa de criminalidad a convertirse en una de las zonas más caras de Nueva York para alquilar o comprar una vivienda. Tendencias.

Tras haber escarbado un poco en lo más profundo de algunas ciudades estadounidenses se me viene a la cabeza la visita de Alfonso XIII a Las Hurdes, aquella región extremeña castigada por el hambre. Dicen que al monarca le afectó realmente ver tanta pobreza y miseria apilada a un puñado de kilómetros del Palacio Real, aunque supongo que al regresar a Madrid se le olvidó todo.

A Washington también debe ocurrirle lo mismo con West Virginia o Arkansas, estados con un IDH más bajo que el de Ecuador, Cuba, Perú o Venezuela. Simplemente se olvida de ellos.

## Utopía digital y choque social

Amancio Delgado

Recensión de:

"De la utopía digital al choque social".

**Evgeny Morozov.**

Artículo en *Le Monde Diplomatique*, 8-14.

Hay artículos luminosos que encienden múltiples lucernarios. El de Evgeny Morozov es uno de ellos. De las muchas cosas interesantes que dice, me quiero centrar en una: "*Para concebir la información de otra manera, habría que sustraerla de la esfera económica*". Aunque mi primer oficio remunerado fue la minería, ha sido la librería la profesión que ha marcado mi paso por el mercado laboral. Es una profesión, la de librero, que en último término se ciñe a informar de novedades (no necesariamente de actualidad), de forma que, unido a mi medio especialización en periodismo, de teoría de la información entiendo algo.

Internet (información en estado puro) ha venido a resolver todo el entramado social. Entre otras cosas porque ha fomentado la gratuidad de sus servicios y por otra parte ha venido a demostrar con las tarjetas de crédito (una de sus primeras e importantes aplicaciones) la futilidad del dinero (invento griego) cuando no es empleado para los fines previstos.

Otra joya del artículo de Evgeny es el recordatorio de la obra de Wolfgang Streek, que denuncia las tres estrategias del Sistema para abordar la crisis del petróleo de 1970 ("*Así, el sociólogo alemán Wolfgang Streek explica que a principios de los años 1970, cuando aparecieron los primeros signos del hundimiento del modelo social surgido del compromiso de posguerra, los dirigentes sociales pusieron en práctica tres estrategias para ganar tiempo y mantener el statu quo: la inflación, el endeudamiento de los Estados, a los cuales el sector privado vende préstamos inmobiliarios y créditos para el consumo*").

Una de ellas es la inflación. La inflación ha servido para hacer válida la falacia de lo que se ha llamado la Era de la Información. La falacia dice que "*la información es poder*" porque, efectivamente, cuando "*sabemos*" que unos terrenos se van a apreciar antes que sus propietarios, "*podemos*" acudir raudos a comprar barato para vender caro pasado mañana. Es decir estamos ante el origen de la especulación e, inexorablemente, de la corrupción. Pero tal aserto ("*la información es poder*") es una falacia porque es falso. Sólo se cumple en ese escenario amañado de inflación. No siendo así, la información o es necesaria (saber el precio de algo antes de comprarlo) y gratuita por tanto, o es superflua (no pertinente), o es ruido si el escenario es de sobreinformación como es el caso de la sociedad televisiva del ocio.

Ya que hemos constatado que el modelo occidental no es bueno, tenemos que buscar modelos naturales que nos permitan articular alternativas: ¿porqué si mi manzano da todos los años lo mismo (con variaciones arriba-abajo según las lluvias) mi banco considera que cada año debe dar indefinidamente un poco más?

Por cierto, hablando de televisión, deberíamos recordar cómo al inicio de la invasión se fomentó el uso *TeleCentros*, donde se reunía la gente para ver funcionando un aparato carísimo. ¿No sería el momento de plantearse la creación de *TeleCibers* donde, comunitariamente, aprender a usar ese gran invento que es Internet para evitar que pase como con la TV?

## Os Blanco, de Freixido



Ubaldo Blanco Cao, e a súa muller Gloria Blanco Diéguez, nos anos 30

No febreiro de 1953 a familia Blanco de Freixido de Abaixo, Petín, acababa de recibir a sentenza de denegación da extradición dos loitadores Roberto López Rodríguez "Pajarito" e Odilo Fernández "Blas" que ante a Corte Xudicial de París demandara o Goberno franquista. Era o comezo dunha nova vida que só podían desfrutar no exilio francés. *Pajarito*, natural de A Rúa, e *Blas*, de Correxais, eran os homes de Gloria Blanco Diéguez e Gloria Blanco Blanco, nai e filla, que ata eses momento non deixaran de combater nos montes galegos a barbarie do fascismo. Compromiso de loita que comezou ca proclamación da IIª República, afirmándose na Guerra Civil para reverter

durante a trágica posguerra na comarca de Valdeorras. As vicisitudes familiares comezan cando Ubaldo Blanco Cao volta da emigración cubana a Freixido e intégrase nas mobilizacións polos dereitos sociais que propicia a República. Factura que lle cobran os falanxistas ca cadea durante trece meses na cárcere de O Barco nada máis iniciado o conflito bélico.

Tras saír da cadea e ameazalo con "pasealo" escapou para A Coruña. Unha vez retomado comezou a agochar na casa de Freixido aos "fuxidos" de confianza, converténdose co tempo no principal lugar de apoio da guerrilla antifranquista en Valdeorras. Nela se acubillaron os homes que formaron as partidas da resistencia durante 15 anos. O maltrato recibido durante estes anos provocoulle unha embolia que o mantivo encamado ata a súa morte en 1949.

Mais a xenerosidade e perseveranza militante da familia puxo a todos os membros no punto de mira da represión. A súa muller Gloria Blanco Diéguez, torturárona na cárcere de Quiroga durante tres meses. Posteriormente enviárona a cadea de Ourense onde permaneceu outros nove meses máis. Unha vez liberada marchou a Burgos para esconderse na casa dun familiar. Volveu a Freixido e ante a detención e paso pola cárcere de Quiroga da súa filla Gloria Blanco Blanco, de apenas 16 anos, e cun fillo de tres anos Waldo Blanco Blanco, decidiron marchar a primeiros de 1952 para Francia.

Axudadas polo *Pajarito* e polo *Blas* organizaron a fuga por Andorra. Antes tiveran que facer escala en Madrid e en Barcelona onde agardaron durante un mes os guías para pasar os Pireneos a pé. Mentres Waldo quedaba en Barcelona a espera de saír en tren. Unha vez todos a salvo en Francia, viviron en varias localidades: Béziers, Charquemont, Grandfontaine, Morre, onde traballaron no campo e no servizo doméstico. Finalmente acabaron por establecerse nos arredores de París.

Tras a morte da nai Gloria Blanco Diéguez en 1958, Waldo con 12 anos retornou a Galicia e pasa a vivir na casa dun tío na Coruña. Estuda na escola de Náutica, e detivérono en 1967 por militar no Partido Comunista. Estivo tres meses na cadea do barrio da Torre de Hércules, mais logra escapar de novo a Francia antes do xuízo. Non retornará ata o regreso de toda a familia tras a morte do ditador Franco.

Gloria Blanco Blanco e *Blas* tiveron cinco fillos. Involucrados nos círculos dos antigos guerrilleiros, sufriron a dificultosa vida política dos expatriados: foron expulsados de París durante os anos cincuenta por militar no PCE. Durante os actos de conmemoración do Ano Internacional da Muller do ano 1975, celebrados en Xenebra, Gloria participou e interveu como delegada das mulleres do exilio. En 1995 morreu o seu home "Blas" e na actualidade, como xubilada, vive na Rúa.

Os Blanco de Freixido personifican o mellor da natureza humana: a valentía e o compromiso. Porque nesta época miserable hai que evocar a memoria dunha familia que deixou de lado toda covardía, todo egoísmo e toda miseria para loitar dende a clandestinidade. Que non se amedrentaron e cuxa enerxía de aceiro logrou manter vivas as aspiracións de xustiza e liberdade de todo un pobo. Son o noso exemplo e son os nosos heroes. **FG**

